


# boletín do cesg

Colexio de  
Educadores Sociais  
de Galicia




Nº 8 MARZO 2004


IV CONGRESO  
ESTATAL DEL  
EDUCADOR/A  
SOCIAL



IV CONGRESO  
ESTATAL DEL  
EDUCADOR/A  
SOCIAL



IV CONGRESO  
ESTATAL DEL  
EDUCADOR/A  
SOCIAL



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º  
15702 Santiago de Compostela  
[cesg@colexioeducadores.com](mailto:cesg@colexioeducadores.com)

**A IMPORTANCIA DA PARTICIPACIÓN DE CARA Ó RECOÑECEMENTO**

Non é de balde subliñar a importancia e interese que supón o próximo “IV Congreso Estatal do Educador/a Social” para tódolos profesionais e persoas implicadas neste campo.

Co gallo deste encontro, resulta de suma importancia a participación no desenrolo do proceso do Congreso. Nas nosas mans está darlle pulo ás reflexións e intercambio de coñecementos e experiencias que poidamos compartir entre tódolos presentes na data sinalada.

Esta participación enténdese nun concepto amplo:

- a propia presenza no Congreso,
- a participación nos grupos de traballo e nos encontros por ámbitos,
- a emisión e lectura de comunicacións
- ademais do contacto directo coa secretaría técnica do Congreso ou mesmo coa propia sede do CESG, co fin de facilitar calquera forma de participación e información sobre a temática a tratar.

Tendo en conta a importancia deste evento para os profesionais do ámbito social, animámosvos a que nos vosos centros de traballo o presentedes como unha actividade formativa relevante para o desenvolvemento da vosa labor, incluso plantexando a posibilidade de que durante os días de celebración do congreso vos concedan as horas necesarias para a asistencia, dado o valor do mesmo como formación profesional continua.

Non podemos esquecer a aposta que se fai pola nosa profesión no devandito Congreso Estatal e as posibilidades que facilita o encontro para establece-las pautas que orienten o marco normativo da Educación social.

Dende o CESG convidámosvos a todos e todas a participar na nosa profesión pola mellora e recoñecemento da práctica profesional desta.

**PRESENTACIÓN** uación presentámosvos o programa provisional:

Os/as profesionais do campo social necesitamos integrar na nosa capacitación aspectos normativos e legais, ás veces esquecidos, que nos axuden a situarnos no referente das teorías socioeducativas e das políticas nas que se enmarca a nosa práctica. Só dende esta confluencia, estaremos en mellores condicións para contribuir, como profesionais do cambio que somos, a unha lectura política da educación social, e a unha lectura educativa das políticas sociais, que repercuta na mellora da nosa acción-intervención e, polo tanto, na mellora da realidade social.

As educadoras e os educadores sociais, xunto con outras e outros profesionais, planificamos, desenvolvemos e avaliamos plans e proxectos enmarcados nas políticas socioeducativas. Temos a obriga de ofertar e suxerir pautas que orienten o marco normativo, de cara á mellora da calidade dos servizos e das prácticas das administracións públicas e entidades privadas.

Ábrese, polo tanto, neste encontro un espazo para a reflexión e a análise profesional e sociopolítica, da tese sobre a que se fundamentan os modelos e experiencias no ámbito das nosas competencias.

**PROGRAMA PROVISIONAL****XOVES, 30 DE SETEMBRO****MAÑÁ**

9,00 h.: Recepción e entrega de documentación.  
10,00 h.: Inauguración oficial do Congreso.  
10,30 h.: Relatorio inaugural.  
12,00 h.: Pausa-café.  
12,30 h.: Mesa Redonda: “Programas políticos e acción social”.  
14,00 h.: Comida de traballo.

**TARDE**

16,00 h.: Grupos de traballo\*.  
18,00 h.: Descanso.  
18,30 h.: Encontros por ámbitos\*\*.  
20,00 h.: Recepción do Alcalde no Concello de Santiago de Compostela (con invitación)  
20,00 h.: Visita lúdico-cultural guiada pola cidade de Santiago de Compostela.

**VENRES, 1 DE OUTUBRO****MAÑÁ**

9,30 h.: Relatorio.  
10,30 h.: Presentación do Código Deontolóxico do Educador Social.  
11,00 h.: Pausa-café.  
11,30 h.: Grupos de traballo\*.  
13,30 h.: Espacio aberto.  
14,30 h.: Comida de traballo.

**TARDE**

16,30 h.: Encontros por ámbitos\*\*.  
18,00 h.: Descanso.  
18,30 h.: Mesa Redonda: “O papel do/da educador/a social nas administracións públicas”.  
21,30 h.: Cea do Congreso amenizada con queimada e acto lúdico-teatral.

**SÁBADO, 2 DE OUTUBRO****MAÑÁ**

9,30 h.: Relatorio.  
11,00 h.: Mesa Redonda: “A educación social nos medios de comunicación”.  
12,15 h.: Descanso.  
12,30 h.: Conclusións.  
13,30 h.: Clausura do Congreso.  
14,00 h.: Visita á Catedral de Santiago de Compostela, arquivo e Botafumeiro.  
15,00 h.: Pincho de despedida.

**\*OS GRUPOS DE TRABALLO EXISTENTES SERÁN:**

- A formación inicial e continua na educación social.
- As políticas de calidade na educación social.
- A presenza dos colexios profesionais nas políticas socioeducativas.
- A metodoloxía de traballo entre políticos e profesionais.
- Equipos multiprofesionais e traballo en rede.
- As políticas de contratación e de inserción laboral no ámbito da educación social.
- As políticas sociais no espazo europeo.
- O lugar da ética na nosa práctica.
- Ideoloxías, cultura política e educación social.
- Novas Tecnoloxías e educación social.

**\*\* OS ENCONTROS POR ÁMBITOS EXISTENTES SERÁN:**

- Infancia e xuventude.
- Adultos.
- Maiores.
- Muller.
- Acción sociocultural.
- Adicións.
- Minorías e inclusión social.
- Inmigración.
- Centros penais.
- Inserción laboral.
- Movementos sociais e voluntariado.
- Ocio e tempo libre.
- Desenvolvemento local.
- Institucións educativas regradas.
- Servizos sociais de atención primaria.
- Discapacidades.
- Familia.

**METODOLOXÍA****a) Conferencias**

Os relatores analizarán os principios rectores das políticas sociais na actualidade, tanto dende unha perspectiva global -mundial- como no eido europeo e do Estado español. As contribucións dos relatores tratarán de definir as prioridades e retos das políticas sociais para este século que está comezando con novas e velas desigualdades.

**b) Mesas redondas**

Coa primeira mesa redonda preténdese que máximos responsables das políticas sociais dos principais partidos políticos expoñan as concepcións e liñas estratéxicas neste ámbito e se posicionen sobre o seu modelo de servizos sociais, e que concreten as prioridades de futuro no seu desenvolvemento.

A segunda mesa redonda reúne a técnicos de diferentes ámbitos da Administración para que presenten os problemas e alternativas que encontran no seu ámbito de traballo para conseguir intervencións baseadas na ética e na calidade, principios esixidos pola nosa profesión.

A terceira mesa redonda estará constituída por representantes de tres medios de comunicación social: prensa escrita, cine e televisión. Preténdese así facer unha análise de cómo se tratan as problemáticas sociais nos respectivos medios e qué imaxe proxectan da educación social e das educadoras e educadores como profesionais do social.

### c) Grupos de traballo

Están concibidos como espazos de reflexión aberta sobre as áreas temáticas definidas no Congreso. Cada grupo de traballo será coordinado por dous relatores: un/unha técnico/a e un/unha académico/a. Con esta metodoloxía preténdese analizar o tema do debate abarcando diferentes perspectivas. Facilitaranse elementos de análise a partir dos cales cada relator fará unha pequena introducción que anime ós participantes dos grupos a incorporarse ó debate. Os coordinadores, ademais, terán a función de focalizar o debate arredor destes contidos e sintetizar e elaborar as conclusións do traballo xerado. En cada grupo de traballo leranse as comunicacións con temática afín ó grupo.

### d) Encontros por ámbitos

Para a catalogación dos ámbitos de intervención tiveronse en conta diferentes criterios: por un lado, o cronolóxico-evolutivo (infancia, xuventude, adultos, maiores); por outro, os ámbitos especializados (drogas, centros penais, inmigración, minorías,...). Deste xeito, a persoa que coordine cada ámbito deberá dirixir o debate cara ó tipo de políticas sociais integrais versus sectoriais que enmarcan as intervencións profesionais, facendo especial mención sobre como se están desenvolvendo nas distintas comunidades autónomas. En función dos elementos de análise que propoña o/a moderador/a os participantes intercambiarán experiencias e opinarán sobre os problemas máis destacados no seu sector de intervención, e elaborarán recomendacións para elevar ás distintas administracións. A continuación ofrécense algunhas liñas definitorias de cada ámbito.

### e) Lectura de comunicacións.

Para aqueles que desexen aportar claves de reflexión e experiencias que permitan debater sobre as dificultades e desafíos que se lle presentan ó educador social no seu ámbito de traballo inclúese a posibilidade de lectura de comunicacións. Estas non contarán cun espazo e tempo específico e restrinxido senón que, para darlle maior valor e coherencia, leranse tanto nos Grupos de traballo coma nos Encontros por ámbitos. O Comité Científico valorará as comunicacións e decidirá en que espazo se encadra.

*Aqueles persoas interesadas en elaborar unha comunicación, deben poñerse en contacto coa secretaría do congreso para informarse sobre os criterios de elaboración e dos prazos de entrega.*

### f) Espacio Aberto

Pretende facilitar a comunicación e o intercambio de experiencias de forma espontánea por parte dos educadores e educadoras que queiran participar.

### g) Actividades lúdico-culturais

Están pensadas como un complemento de diversión e de enriquecemento persoal máis dentro do Congreso, tendo en conta a importancia do Ano Xacobeo en Santiago de Compostela. Preténdese que a educación social sexa tamén vivenciada a través destas actividades.

## FORMAS DE INSCRICIÓN

A inscrición pode realizarse vía on-line ou ben por correo ordinario. Para informarte acerca da documentación a aportar ponte en contacto coa Secretaría do Congreso.

## COTAS DE INSCRICIÓN

	Antes do 15 de xuño	Despois do 15 de xuño
Estudiantes e parados/as	160 €	190 €
Colexiados/as e asociados/as	200 €	240 €
Resto de asistentes	250 €	300 €

*A cota de inscrición inclúe asistencia ó Congreso, material e comidas de traballo dos días 30/09/04 e 01/10/04.*

*O CESG concederá un total de 46 bolsas para a asistencia ó Congreso. Ver bases no reverso do boletín de solicitude das mesmas.*

## ¿CÓMO CHEGAR?

De cara a facilitar a viaxe ata Santiago de Compostela ós congresistas, a Organización está negociando nestes momentos a posibilidade de ofrecer descontos en distintas compañías aéreas e ferroviarias, así como outras xestións para a organización de viaxes en grupo. En breve, esta información estará dispoñible en [www.eduso.net/congresogalicia](http://www.eduso.net/congresogalicia). Ata entón podedes informarnos poñéndoos en contacto coa Secretaría do Congreso.

## ¿ÓNDE DURMIR?

Para facilitar a asistencia ó Congreso de todo os interesados, a organización ten reservada unha importante cantidade de prazas en distintos hoteis da cidade durante as datas deste evento.

Ademais, como facilidade adicional, aqueles que reserven a súa praza hoteleira connosco, contarán con transporte gratuíto para os desprazamentos entre o hotel e o Palacio de Congresos durante os tres días.

Para realizar a reserva é necesario cubrir o boletín de aloxamento e envialo no modo indicado a Trevisani, empresa organizadora de eventos encargada da xestión deste servizo.

## INFORMACIÓN XERAL

- **Secretaría del Congreso (Información e Inscricións)**  
Lorena Rivera Varela.  
Secretaría del IV Congreso Estatal del Educador/a Social  
R/ Gómez Ulla nº 7, 3º.  
15702 Santiago de Compostela  
Tfno: 981 55 22 06  
Fax: 981 93 82 74  
Mail: [congreso@colexioeducadores.com](mailto:congreso@colexioeducadores.com)
- **Reservas Hoteleiras (información e reserva)**  
Trevisani.  
R/ General Pardiñas, 12-14. 1º Planta, local 12.  
15701 Santiago de Compostela.  
Tfnos: 981592333; 981591570; 981590272  
Fax: 981591171  
[www.trevisanicongresos.com](http://www.trevisanicongresos.com)  
Mail: [trevisanicongresos@hotmail.com](mailto:trevisanicongresos@hotmail.com)
- **Información on-line:**  
[www.eduso.net/congresogalicia](http://www.eduso.net/congresogalicia)

## AS ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Continuidade na xestión das solicitudes de habilitación do Col-legi d'Educadores i Educadors Socials de les Illes Balears e do Colegio Profesional de Educadores Sociales de la Región de Murcia.
- Instalación do programa *Proxecto Meiga* de xestión de bibliotecas, para proceder á catalogación e clasificación dos fondos bibliográficos dispoñibles no CESG. En canto finalice este paso, o catálogo de bibliografía estará dispoñible na nosa web.
- Posta en funcionamento da web do congreso e da nova páxina web do CESG, [www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com), con versións en galego e castelán, información sobre formación, acceso ás revistas e boletíns, etc. Como novidade, unha zona privada de acceso exclusivo para colexiados/as, onde encontraredes ofertas de emprego, foro, chat... Algunhas seccións están aínda en período de proba, pero en breve a web estará en funcionamento ó cen por cen.

